

Primavera das Letras

MANUEL MARÍA, UNHA VIDA DE POEMA

As Letras de 2016 teñen un nome propio: Manuel María. Imos achegarnos brevemente á súa vida e á súa obra. Mais non esquezades que o mellor xeito de descubrilo é lendo o que deixou escrito.

Manuel María naceu en 1929, en Outeiro de Rei (A Terra Chá), no seo dunha familia labrega acomodada. Os anos da infancia e primeira mocidade vividos na casa familiar deixaríanlle unha forísima pegada. É doada de atopar en moitos dos seus libros.



"Eu son Manuel María.
Nacín no 29, o 6 de outono,
en Outeiro de Rei da Terra Chá.
Son dunha caste rexia de labregos
fieis á súa terra e ao seu Deus.
Agora son un namorado.
Eu son Manuel María
Cantor da Terra Chá que algúns din.
Cantor da terra chá que leva un
cravada nas entrañas, penso eu."



REAL ACADEMIA GALEGA



REAL ACADEMIA GALEGA

Nos dez primeiros versos deste poema, chamado "Carné de identidade", Manuel María é quen de nos dicir como se chama, cando e onde naceu, de que familia procede, que é poeta e a importancia que ten para el A Terra Chá.

Proba a facer o teu documento de identidade en verso (tes só dez liñas).





"Non canta na Chá ninguén,
por iso meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.
Non hai canto tan fermoso:
fino coma un asubio,
anque é, ás vegadas, saudoso
faise no ar rechouchio.
O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
Que fermosa é a súa feitura!
Que lixeireza a do eixo!
As cousas vanse aledando
por onde meu carro pasa.
Carréxame herba pró gando!
Tráeme a colleita prá casa!"



En 1950, con só 21 anos, Manuel María publica o seu primeiro libro: 'Muíñeiro de Brétemas'.

Naquel momento histórico e en plena ditadura, era moi pouco habitual a aparición de libros na nosa lingua e áinda era máis excepcional que o autor fose un rapaz tan novo. Con esta obra, Manuel María abriu o camiño de toda unha xeración: a chamada Escola da Tebra. Axiña, segundo o seu ronsel, aparecerán nomes que serán fundamentais na literatura galega das seguintes décadas: Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Méndez Ferrín...

Catro anos despois, en 1954, chega ás librarias un dos libros máis significados de Manuel María: 'Terra Chá'. Aí aparece un poema seu que é moi coñecido. En 1976, un dos grupos máis populares da época, "Fuxan os Ventos", converterá estes versos nunha canción moi famosa. Proba a escóitala. A que parece que a música estaba agardando por esa letra ou ao revés.

Ata a chegada dos tractores, o carro era indispensable en calquera casa labrega. Seguro que algunha persoa maior que coñegas (un avó teu ou algún veciño) lembra perfectamente que uso se facía dos carros. Agora ti es xornalista. Colle bolígrafo e papel e busca unha persoa que tivese este medio de transporte na casa.

Primavera
das Letras





"O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.
O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.
O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve roncel
que deixaremos nós.
O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.

O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.
O idioma é a forza
que nos xunge e sostén.
Se perdemos a fala
non seremos ninguén!
O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a más forte irmandade.
Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
Precisamos a lingua
se queremos vencer!"

Manuel María foi un autor moi prolífico. Escribiu poesía, teatro, artigos en prensa e ensaios. Sempre utilizou o galego como ferramenta. Mais tamén reivindicou a necesidade do idioma para garantir a nosa existencia como pobo. Ao igual que moitos outros autores do seu tempo, Manuel María non foi alleo ao que acontecía ao seu arredor. Nos libros, pero tamén dende a militancia política, defendeu a plena normalización lingüística e o dereito de Galicia ao seu autogoberno.

No poema "A Fala", publicado en 1979, móstranos a importancia que ten o idioma. Hai pouco Roi Casal musicou estes versos. Podes buscar a canción en Youtube.

Primavera
das Letras





XOGOS

"Non quero xogar ó feito
e tampouco irei ós niños.
Non quero facerllles mal
ós coitados paxariños!"

- Non quero xogar ás bolas
nin ver roula-lo peón!
Tampouco quero correr
dando crouces a un balón!

- ¡ Non xogarei ó escondite,
nin a xustiza e ladróns
anque eu sexa o capitán
e teña o mando dos bos!

-Dime a que queres xogar?
Dime, neno, o teu anceo.

- Quero ter un avión
para percorrer todo o céo!"



Manuel María tamén escribiu versos infantís. Hai un libro de poemas, 'Os soños na gaiola', que se converteu nun clásico da nosa literatura que xa lerón milleiros de rapaces e rapazas.

A través dos poemas, Manuel María vai descubrindo o mundo que nos rodea. O autor dixo que este libro está baseado nos seus recordos de neno labrego e que o escribiu porque lle gustaría telo lido na súa infancia, cando non había libros deste tipo en galego.

Primavera
das Letras





Busca nesta sopa de letras os verbos que aparecen no poema anterior.

ABRIR

VENCER

QUERER

SOSTER

SER

PERDER

AGROMAR

XUNGUIR

DEIXAR

PRECISAR

RENUNCIAR

MORRER

Y	N	S	R	E	R	R	O	M	F
P	V	E	N	C	E	R	R	S	H
R	E	R	E	U	Q	V	A	H	D
S	O	S	T	E	R	J	I	Q	E
O	F	O	K	M	I	T	C	I	I
Y	T	Y	R	I	U	G	N	U	X
A	G	R	O	M	A	R	U	Z	A
A	B	R	I	R	H	K	N	T	R
M	Q	R	A	S	I	C	E	R	P
K	I	P	E	R	D	E	R	E	S

Primavera
das Letras

